

Fixación estrutural e desautomatización das locucións

Structural fixedness and defamiliarization of idioms

Inmaculada Penadés Martínez

Universidad de Alcalá
inmaculada.penades@uah.es

Resumo: Neste traballo revisase, en primeiro lugar, o concepto de fixación sintáctica e as implicacións que supón establecer os patróns sintácticos das locucións por seren unidades fixas das linguas. En segundo lugar, propónse diferenciar, xunto á fixación formal e a idiomática, unha fixación estrutural, entendida como a característica ou o trazo das locucións polo que non se establecen entre os seus constituintes as relacións sintácticas que se dan entre os elementos que forman grupos sintácticos libres. O trazo, pola súa natureza gradual, non impide desautomatizar unha locución mediante fenómenos sintácticos como a tematización, a pronominalización, a pasivización, a complementación ou a elisión. Dende esta perspectiva, e partindo da concepción de desautomatización sustentada polos formalistas rusos; por unha parte, distínguense tres tipos de desautomatización das locucións: desautomatización do significante, do significado e do significante e o significado á vez e; por outra, analízase un conxunto de textos nos que aparecen locucións desautomatizadas. O artigo remata coas conclusións teóricas e aplicadas que se desprenden da concepción presentada sobre a fixación estrutural e a desautomatización das locucións.

Palabras clave: fraseoloxía, fixación, desautomatización, locución.

Abstract: In this article we revise the concept of syntactic fixedness and the implications of establishing the syntactic patterns of idioms as fixed units of languages. Secondly, we propose the differentiation between formal and idiomatic fixedness and structural fixedness, which is understood as characteristic of idioms in which syntactic relationships are not established between their constituents in the same way as they are between those forming free syntactic groups. Due to the gradual nature of this characteristic, an idiom undergoes defamiliarization through syntactic phenomena such as thematization, pronominalization, passivization, complementation or elision. From this perspective along with the Russian Formalist of defamiliarization held by the Russian Formalists, three types of defamiliarization of idioms are distinguished: the defamiliarization of the signifier, of the signified and of both the signifier and the

Data de recepción: 4.12.2014. Data de aceptación: 8.1.2015.

signified simultaneously. Furthermore, a group of texts containing defamiliarized idioms is analysed. The article ends with theoretical and applied conclusions arising from the structural fixedness and defamiliarization of idioms.

Keywords: Phraseology, fixedness, defamiliarization, idiom.

1. Introducción

A idea de escribir este traballo xorde da lectura da recensión feita por Álvarez de la Granja (2013) a Penadés Martínez (2012). Nesta obra sobre as locucións, deféndese a imposibilidade de analizar internamente estas unidades fraseolóxicas, especialmente as locucións verbais, xa que, no caso de facelo, destrúese a locución como tal, é dicir, en tanto que unidade que, como un todo, ten unha función na oración e cuxos elementos constituíntes non desempeñan ningún papel sintáctico na oración nin no interior da propia locución. Poñamos un exemplo, *caerse el pelo* é unha combinación fixa de palabras que, de xeito conxunto, funciona nunha oración como o faría un verbo, clasifícase como impersoal, porque na oración que con ela se constitúe non existe un suxeito expreso nin sobreentendido, e cuxa valencia é monoactancial por esixir unicamente un actante que funciona como complemento indirecto: *a alguien*. Se esta análise non se admite e se considera que *el pelo* é un actante coa función sintáctica de suxeito aínda que se apostile que o actante é interno e o suxeito, fixado, é imposible diferenciar o uso de *caerse el pelo* nos dous fragmentos seguintes: o primeiro coa locución *caerse el pelo* na oración principal e o segundo cun grupo verbal homónimo da locución. O significado, idiomático, da locución é 'Recibir un castigo o una reprimenda por una cousa mal hecha'¹, mentres que o do grupo verbal dedúcese a partir dos significados dos elementos constituíntes: o verbo *se había caído* e o complemento indirecto *le*, ao que hai que engadir o significado do grupo nominal *el pelo*, suxeito da oración, para interpretala correctamente:

- (1) *El fotógrafo tiene que llevarle la foto al redactor jefe. Si no se la lleva se le cae el pelo. El redactor jefe no acepta esas excusas* (CREA).
- (2) *Llevaba semanas sin afeitarse y se le había caído el pelo en forma irregular dejando al descubierto aquí y allá franjas de cuero cabelludo* (CREA).

Na recensión mencionada, Álvarez de la Granja (2013:528) mostra o seu desacordo con esta visión por considerar que existen locucións verbais que se poden analizar semántica e sintacticamente, como proban determinados comportamentos sintácticos aos que se ven suxeitos algúns dos seus constituíntes: a relativización, a modificación e a tematización. O argumento de Álvarez de la Granja (2013), apoiado no uso das locucións, é irrefutable, polo que se fai necesario buscar unha explicación que dea conta da imposibilidade de analizar sintacticamente os elementos que forman unha locución e, á par, do feito certo de que sobre algún deles recaían fenómenos como a pronominalización, a tematización ou a complementación. A solución estriba en

¹ Agás no caso de que se dea outra indicación, os significados das locucións corresponden aos elaborados na redacción do DILEA (Penadés Martínez en preparación).

considerar que as locucións mostran o trazo da fixación estrutural, propiedade que, como outras que caracterizan estas unidades lingüísticas, a fixación formal ou a idiomaticidade, non se dá de xeito absoluto, senón relativo. E é, xustamente, o carácter relativo, gradual, da fixación estrutural o que permite os fenómenos citados, todos eles cun determinado efecto textual, a desautomatización da locución, a cal conduce mesmo á interpretación dunha locución verbal como unha combinación non fixa de palabras, é dicir, leva á súa interpretación literal.

Para probar a tese que aquí se mantén, no seguinte apartado deste artigo revísase o concepto de fixación sintáctica; propónse, fronte a el, o de fixación estrutural no apartado 3.; e amósase, no 4., o efecto desautomatizador que a pronominalización e outros fenómenos sintácticos teñen sobre a locución verbal que os sofre, apoiándose para iso en exemplos de uso das locucións obtidos do CREA² e de Internet, neste caso limitando a busca, mediante *Google*, a España e a páxinas en español. O artigo péchase coa exposición das conclusións que se desprenden del (5.).

2. A fixación sintáctica

Na fraseoloxía sobre o español e na cultivada en España sobre outras linguas, utilizouse o termo fixación para referirse ao feito de que as locucións ou, os seus elementos constituíntes, fronte aos sintagmas non fixos, non poden ser obxecto de determinados fenómenos sintácticos como a relativización, a pasivización, a tematización, etc. Así se comproba se pasamos revista a traballos que se ocuparon desta cuestión, aínda que é necesario puntualizar que en varios casos non foi fixación sintáctica o termo usado polos autores, senón outros máis ou menos semellantes.

En efecto, Zuluaga (1980:95-113) inclínase polo máis xenérico de *fixación fraseolóxica* e, cando se refire ás clases que presenta esta propiedade das unidades fraseolóxicas, establece unha: a fixación transformativa, para dar conta do feito de que, por exemplo, a locución *comer pavo* (“No ser invitado a bailar”, co significado que este autor lle asigna) rexeita a transformación pasiva: **el pavo fue comido por...* Máis complexa resulta a explicación de Carneado Moré (1985:14), para quen os fraseoloxismos están representados polos mesmos tipos de estruturas sintácticas que as combinacións libres de palabras, aínda que as relacións formais naqueles e nestas non coinciden, pois nos primeiros dáse unha desementización das relacións sintácticas³. O exemplo proporcionado por esta autora aclara un tanto a súa concepción; en *tomar el rábano por las hojas*, a valencia obxectiva do verbo (refírese a *el rábano*) e tamén a locativa (relativa a *por las hojas*) só teñen significado formal⁴, porque o fraseoloxismo designa outra tipo de acción que non é a propia do verbo *tomar*. En calquera caso, a seguinte

² REAL ACADEMÍA ESPAÑOLA. Banco de datos (CREA). *Corpus de referencia del español actual*. [<http://www.rae.es>]. [outubro-novembro de 2014].

³ Obsérvase cómo se introduce xa o adxectivo *sintáctico* en relación coa fixación, adxectivo que dun xeito ou outro aparece nas exposicións dos autores que seguen.

⁴ Carneado Moré (1985) non explica que se entende por *significado formal*.

afirmación permite establecer a relación entre as ideas da autora cubana e a cuestión que aquí se examina: “Por regra general, la superficie sintáctica de la estructura de los fraseologismos está “osificada”, es decir, no presenta la capacidad de transformarse regularmente de forma parcial o completa” (Carneado Moré 1985:14). Pola súa banda, Corpas Pastor (1996:23 e 88-91), baseándose en Thun, prefere a denominación *fijación interna material* para este trazo das locucións, plasmado na súa cohesión semántica e morfosintáctica, característica que, á súa vez, se traduce, aínda que non só, na deficiencia transformativa de unidades como *estirar la pata* en *El borracho estiró la pata*, que no permite **La pata fue estirada por el borracho*.

A postura de Ruiz Gurillo (1997:74-81) si vincula máis claramente a propiedade da fixación ás súas particularidades sintácticas, dado que organiza os trazos das unidades fraseolóxicas por niveis diferenciando o sintáctico no conxunto que establece deles. Neste inclúe, entre outros, os dous trazos seguintes, directamente relacionados co tema analizado:

- Fixación, entendida exclusivamente como complexidade e estabilidade da forma, o que leva consigo a improdutividade ou escasa produtividade dos esquemas sintácticos.

- Fixación, entendida adicionalmente como defectividade combinatoria e sintáctica, manifestada, á súa vez, nos trazos:

- Compoñentes non permutables: invariabilidade da orde, polo que resulta imposible a topicalización: *buscarle tres pies al gato*, pero non **al gato*, *le buscas tres pies*.

- Imposibilidade de extracción dos seus compoñentes⁵, mostrada en que non é posible a pronominalización (*ser santo de su devoción*, pero non **serlo de su devoción*), a relativización (*dar en el clavo*, pero non **el clavo en el que has dado me pertenece*) nin a pregunta (*ponerle el cascabel al gato*, pero non **¿Qué le puso al gato? El cascabel*).

- Compoñentes léxicos non separables, polo que non é factible, entre outras particularidades, modificar un compoñente da unidade fraseolóxica mediante un complemento estraño á estrutura fixa: *tomar el pelo*, pero non **tomar el pelo liso*.

-Fixación transformativa, que impide a admisión de diversas transformacións como, por exemplo, a pasiva: *Pedro estiró la pata*, pero non **La pata fue estirada por Pedro*.

O apropiado do título dado a este apartado do artigo compróbase tendo en conta a proposta de Álvarez de la Granja (2003:17), quen ás características das unidades

⁵ Téñase en conta que a imposibilidade da topicalización, o trazo anterior, non deixa de ser un caso de imposibilidade de extracción dos seus compoñentes.

fraseolóxicas⁶ engade, como trazo non imprescindible, a fixación sintáctica entendida como a non aplicación a estas unidades de operacións de transformación que outras unidades do discurso libre, estruturalmente semellantes, aceptan, tales como as operacións de relativización dunha frase nominal, coordinación dunha frase nominal ou modificación dun substantivo.

De xeito máis sintético, Mellado Blanco (2004a:21) propón como un dos criterios adicionais para determinar o centro no conxunto de unidades fraseolóxicas a restrición de transformacións sintácticas, a cal supón unha maior fraseoloxicidade, fronte á posibilidade de certas transformacións, cunha consecuenta menor fraseoloxicidade. Por último, García-Page Sánchez (2008:25-26) indica, de modo sucinto, que a fixación non é un trazo enteiramente definitivo, pois son abundantes as unidades fraseolóxicas que admiten transformacións diversas, concepto baixo o que, polos exemplos proporcionados, parece englobar a pronominalización (*comer el coco* > *comérselo*), a derivación (*lavar el cerebro* > *lavado de cerebro*), a topicalización (*tener mucha vista* > *mucha vista es lo que tiene*) e a pasivización (*tomar el pelo* > *ser tomado el pelo*).

Claro está que a nómina de autores salientados pode incrementarse. Non obstante, o peso dos achegados é suficientemente significativo para mostrar que na fraseoloxía española, entendendo por tal a que analiza o español e a que se desenvolve en España, se utilizou unha serie de termos⁷ para facer referencia ao feito de que as locucións non permiten, ou fano de xeito restrinxido, un conxunto de procesos sintácticos que os grupos sintácticos libres⁸ si experimentan. A presenza do adxectivo *sintáctico* na maior parte destes termos lexitima o uso de *fixación sintáctica* como denominación utilizada para titular este apartado.

Ademais, dende o ámbito da gramática fálase tamén de *fijación sintáctica* (Val Álvaro 2000:4824-4825), fenómeno que se revela no feito de que as locucións, por exemplo, mostran unha orde secuencial determinada; non permiten a conmutación dos seus constituíntes por outras unidades léxicas; non admiten a variación de determinantes ou especificadores dos complementos; só poden modificar o conxunto da construción; non poden separar ningún dos constituíntes, nin é posible que se dea unha referencia pronominal a un só deles; e non admiten a elipse. Non obstante, indícase, así mesmo, que os constituíntes das estruturas correspondentes, por exemplo, as locucións verbais non perden completamente a súa independencia sintáctica, e, en contextos de desautomatización, o falante é capaz de violar as propiedades fixadas e facer unha interpretación composicional da oración.

⁶ En concreto, fixación dos compoñentes, non seguir un proceso de formación regular e produtivo, posuír unidade conceptual e/ou funcional (gramatical ou pragmática) e ser unidades lingüísticas que se empregan para crear textos e se vinculan cunha situación dada (Álvarez de la Granja 2003:11).

⁷ Concretamente, *fijación transformativa* (Zuluaga), *desemantización de las relaciones sintácticas* (Carneado Moré), *cohesión morfosintáctica* (Corpas Pastor), *defectividad sintáctica* (Ruiz Gurillo), *fijación sintáctica* (Álvarez de la Granja) e *restricción de transformaciones sintácticas* (Mellado Blanco).

⁸ Tómase aquí o termo *grupo sintáctico libre* no sentido que lle dan a Real Academia Española (RAE) e a Asociación de Academias de la Lengua Española (ASALE) (2009:61): “el creado mediante la combinación de categorías gramaticales aplicando los principios de la sintaxis”.

Agora ben, cómpre puntualizar unha observación en relación co concepto que recobre o termo *fixación sintáctica*: non atinxe unha particularidade ou un trazo das propias locucións en tanto que unidades, é dicir, en tanto que elementos lingüísticos que gozan da “Propiedad de todo ser, en virtud de la cual no puede dividirse sin que su esencia se destruya o altere”, tomando a definición da voz *unidade* do DRAE (2014:2196), senón que se entendeu as máis das veces como a imposibilidade de que algún constituínte da locución acepte determinado proceso sintáctico, particularidade que, non obstante, tamén acontece con grupos sintácticos libres, pois non todos poden dar lugar a unha oración pasiva, como se ve en (3); nin poden pronominalizar algún dos seus elementos, como pasa en (4); nin ter complementos, tal como ilustra (5):

- (3) *según dice Víctor*, él conoce a muchos diplomáticos españoles aficionados al caviar que visitan la maison. / **según dice Víctor*, muchos diplomáticos españoles [...] son conocidos por él (CREA).
- (4) *Entre Paco y yo no había ya diferencias sociales. Más aún: empezaba a tomarle ventaja*. Tenía dinero, tenía prestigio, tenía coche y tenía inteligencia: cuatro cosas de las que él carecía. / *Dinero, lo tenía [...] (CREA).
- (5) Irene sentía miedo, sí, pero aún mucha más sed, de modo que bebió con ansiedad. / Irene *sentía miedo espantoso [...] (CREA).

Se algúns grupos sintácticos libres tampouco admiten estas operacións, a fixación sintáctica das locucións non pode establecerse a partir de características que non son específicas nin exclusivas desta clase de unidades lingüísticas. Ademais, como se comprobará no apartado 4., non sempre que algún constituínte dunha locución sofre algún deses procesos, esta destrúese; e se se divide a locución ata o punto de que a súa esencia queda alterada, a unidade fraseolóxica segue estando presente para os interlocutores na situación comunicativa dun modo ou outro. De aí a proposta de utilizar *fijación estrutural*, non para dar conta de que os constituíntes dunha locución non permiten certas operacións sintácticas, senón para reflectir que entre os constituíntes dunha locución non se establecen as relacións sintácticas que se dan entre os de grupos sintácticos libres. Por último, *sintáctico* non só cualifica a propiedade da fixación das locucións, tamén se utilizou, se ben non só este adxectivo, para referirse aos modelos que seguen as locucións na súa estrutura ou constitución, como se ve no seguinte apartado.

2.1. Os patróns sintácticos das locucións

Aínda que conviven coa denominación *modelos de formación* ou *modelos estruturales* de Carneado Moré (1985), no ámbito hispánico, mediante os termos *patrones sintácticos* (Corpas Pastor 1996), *modelos sintácticos* (García-Page Sánchez 2008), *patrones morfosintácticos* (Castillo Carballo 2000) e *pautas sintácticas ou de formación* (RAE e ASEle 2009), deuse conta do feito de que cada locución non segue un procedemento individual na súa constitución, senón que, pola contra, é posible establecer distintos patróns, cada un dos cales abrangue ou corresponde a grupos

relativamente amplos de locucións⁹. Así, para a clase das nominais RAE e ASALE (2009:853) delimitan entre outras a pauta sintáctica “DETERMINANTE + SUBSTANTIVO + de + NOME PROPIO O GRUPO NOMINAL”, que se ilustraría con *el chocolate del loro*. Ruiz Gurillo (2001:45), en relación coas locucións adxectivais, sinala que algunhas están formadas por un núcleo, de carácter adxectivo ou participial, que recibe modificacións de forma fixa baixo a forma dun sintagma prepositivo, como acontecería en *ligero de cascos*. Pola súa banda, García-Page Sánchez (2008:143-150), na clase das locucións verbais, delimita, como unha das súas estruturas básicas (os modelos sintácticos anteriores), a de “V + CD”, que se daría en *cantar victoria*. Por último, tomando, así mesmo, como referencia a nova gramática académica (RAE e ASEle 2009:2393), nas locucións adverbiais unha das pautas que se fixan é a correspondente a un grupo nominal, ilustrada coa locución *un ojo de la cara*¹⁰. En Penadés Martínez (2012) encóntrase unha exposición detallada dos patróns sintácticos das locucións, organizados por clases de locucións, de maneira que non ten sentido volver relacionalos agora de xeito completo, pero si interesa reflexionar sobre un problema que subxace a estas propostas.

Se se observaron con atención os elementos que conforman as pautas anotadas, comprobarase que o seu establecemento conduce a perder a visión do que son as unidades lingüísticas que explican (locucións) e a equiparalas ao que en realidade non son, grupos sintácticos libres. E iso por considerar que en *el chocolate del loro* existe un determinante (*el*) dun substantivo (*chocolate*) e un grupo nominal (*el loro*) unido ao substantivo anterior mediante a preposición *de*; que en *ligero de cascos* o adxectivo *ligero* é modificado polo sintagma prepositivo *de cascos*; que en *cantar vitoria* o substantivo é complemento directo; e que en *un ojo de la cara* existe un grupo nominal, o que implica analizar *ojo* como núcleo, *un* como determinante e *de la cara* como complemento. Consideracións deste tipo inducen a interpretar as locucións como unidades que admiten unha análise sintáctica análoga ao que se leva a cabo en grupos sintácticos libres como:

- (6) El chocolate del siglo XVII *al ser líquido, no infringía el ayuno eclesiástico*¹¹.
- (7) *se calculó tras pesar y tallar cada paciente descalzo y ligero de ropa en una báscula (CREA).*

⁹ Na fraseoloxía galega, Álvarez de la Granja (2003) fala de *esquemas sintácticos* e *esquemas sintáctico-funcionales*, entre os que se inclúe, por exemplo, V+OD. Tamén se refire ás *estructuras formales* das locucións, como, por exemplo, V+O+SUBST.

¹⁰ En RAE e ASALE (2009:2393), analízase *un ojo de la cara* como locución adverbial *cuantificativa* substituíble polo adverbio *cuantificativo mucho*. Non obstante, en RAE (2014:1570-1571) esta unidade non se rexistra e, pola contra, aparecen *costar un ojo de la cara* e *valer un ojo de la cara* como locucións verbais. Pola súa parte, en Seco, Andrés e Ramos (2004:706) *un ojo de la cara* clasifícase como locución nominal. Os desacordos non inflúen na argumentación que aquí se presenta, pois sexa adverbial, verbal ou nominal nin *un* nin *de la cara* establecen unha modificación sobre *ojo*, como se indica máis adiante.

¹¹ [http://es.wikipedia.org/wiki/Historia_del_chocolate]. [29.10.2014].

(8) *Pues con los amigos nos cogemos todos de la mano, nos ponemos en un corro y empezamos a cantar canciones* (CREA).

(9) *Imágenes de un ojo de la cara*¹².

Proceder así implica destruír a unidade que supón concibir unha locución como unha combinación fixa de palabras que funciona como elemento da oración e cuxo significado non se corresponde coa suma dos significados dos seus compoñentes (Penadés Martínez 2012:23). Efectivamente, ¿qué determinación e qué modificación achegan o *el* e *del loro* a *chocolate*, pensando que a unidade *el chocolate del loro* significa ‘Cosa, especialmente cantidad de dinero, insignificante en comparación con otra’?; así mesmo que modificación leva consigo o sintagma preposicional *de cascos* respecto ao adxectivo *ligero*, dende a perspectiva do significado ‘Irreflexivo’?; ¿que complementación é a de *victoria* en relación con *cantar*, tendo en conta que *cantar victoria* significa ‘Dar por seguro un triunfo o un éxito’?; e, ¿que determinación e modificación, de novo, supoñen *un* e *de la cara* sobre o suposto núcleo *ollo*, se a unidade *un ojo de la cara* pode substituírse polo adverbio cuantificativo *mucho*?

O caso das locucións verbais é, ademais, especialmente significativo por canto que son varios os autores que fan corresponder o establecemento dos seus patróns sintácticos coa análise das funcións sintácticas que contraen os elementos dunha oración. Deste xeito, en *alzar el gallo*, para Melendo (1965:9-10) *el gallo* é o complemento directo; segundo Koike (1991:87-90, *ahuecar el ala* ten como estrutura sintáctica S+V+CD, aínda que se especifique co subliñado que V (*ahuecar*) e CD (*el ala*) son a parte fixa da locución; Corpas Pastor (1996: 102-104) tamén se refire ao tipo de locución verbo + obxecto directo, representado por *chuparse el dedo*; para Ruiz Gurillo (2001:48-49) existen locucións verbais, constituídas por un verbo + un sintagma prepositivo, nas que o verbo da locución mantén os seus valores actanciales, respecta os argumentos que esixe, como *sacar de quicio*, na que, segundo esta autora, o verbo se completa cun suplemento fixo (*de quicio*); Castillo Carballo (2000), pola súa banda, establece como *estructura morfosintáctica* de *arrimar [alguén] el ascua a su sardina* o patrón vb. + [suxeito] + s. (obxecto dir.) + [prep. + s. (c.c.)].

Este tipo de análise, que equipara unha locución a un grupo sintáctico libre, por descompoñer esta en elementos aos que se asignan funcións sintácticas, queda un tanto mitigado ou suavizado ao especificar que o elemento da locución verbal ao que se lle asigna unha función sintáctica é un actante interno, ou fixo, como algún dos autores citados no parágrafo anterior afirma. Así mesmo, Wotjak (1998) e (2006) considera internos os actantes que forman parte da unidade fraseolóxica, como *corazón* en *abrir su corazón*, e refírese a unha valencia morfosintáctica intrafraseolóxica ao analizar o complemento directo *venda* e a preposición + substantivo *en los ojos* da locución *poner una venda en los ojos*. Con todo, cómpre formularse -se é que se considera que unha locución verbal ten un ou varios actantes internos- qué función sintáctica e semántica lles corresponde a estes elementos na oración que constitúe a locución, pois o concepto

¹²[https://www.google.es/?gws_rd=ssl#q=%22un+ojo+de+la+cara%22&lr=lang_es&cr=countryES&tbs=ctr:countryES,lr:lang_1es&start=0]. [29.10.2014].

de actante vai indisolublemente unido a un valor oracional do elemento actante tanto no plano sintáctico coma no semántico. A cuestión ten unha difícil resposta, o que pode ser indicio da non conveniencia de establecermos suxeitos e complementos fixos ou actantes internos, e da pertinencia de considerar unha locución verbal como un todo indisoluble no que non ten lugar falar de verbo máis actantes ou de suxeito e complementos que carecen de función e cuxo significado léxico pode ter que ver moi pouco co da locución verbal polo carácter non composicional desta.

Máis acertada é a concepción de Mellado Blanco (2004b:151-155) sobre esta cuestión por non coincidir exactamente coa dos autores salientados. Para esta fraseóloga os actantes internos son o resultado da fosilización dunha proposición que orixinariamente era libre; segundo isto, considera que dende o punto de vista sincrónico o estudo destes actantes non bota luz sobre o uso activo dunha unidade fraseolóxica, pero si pode aclarar os procesos de metaforización e remotivación do significado literal e a relación entre sintagmas libres e fraseolóxicos. Entendidos así os conceptos de valencia intrafraseolóxica e actante interno, facilítase a súa vinculación cos procesos de formación de locucións, dito doutro xeito, coa súa análise diacrónica e neolóxica, se ben sería preferible buscar termos máis axeitados que os de *valencia* e actante *internos* polas vinculacións que estes establecen coa propia análise valencial da locución verbal e, consecuentemente, do esquema oracional ou actancial que esta constitúe, pois non hai que esquecer que, do mesmo modo que os verbos poden analizarse e clasificarse en función da súa valencia, dos actantes que rexen, as locucións verbais divídense en avalentes (*haber de todo como en botica*), monovalentes (*partirse el corazón*), bivalentes (*echar una mano*) e trivalentes (*echar en cara*), e, consecuentemente, clasifícanse polo seu comportamento valencial, é dicir, segundo o número e a natureza sintáctico-semántica dos elementos cos que se combinan, intransitivas (*partirse el espinazo*), transitivas (*pagar caro*) e impersonais (*pedir el cuerpo*), tendo en conta que poden ser, así mesmo, pronominais inherentes (*caerse de espaldas*) e alternantes (*callar la boca ~ callarse la boca*) (Penadés Martínez 2012:130-155).

En síntese, o establecemento dos patróns sintácticos das locucións a partir da anotación das funcións sintácticas que desempeñan os seus elementos constituíntes é contrario á propia natureza das locucións. Non obstante, é un bo recurso para a súa análise dende unha perspectiva diacrónica, pois permite poñelas en relación coas posibles formacións neolóxicas actuais nesta clase de unidades fraseolóxicas¹³. Por outra parte, para evitar o problema exposto neste apartado, sería posible establecer os patróns sintácticos das locucións simplemente a partir da indicación da categoría gramatical a que pertence

¹³ Neste sentido, Castillo Carballo (2000) puxo de manifesto cales son as tres estruturas morfosintácticas máis usuais e máis frecuentes nas locucións verbais xa consolidadas polo uso, estruturas que coinciden coas das locucións verbais neolóxicas: vb. + s. (obxecto dir.), vb. + s. (obxecto dir.) + [obxecto indir.] e vb. + [prep. + s. (c. c.)]. A máis rendible é vb. + s. (obxecto dir.), que corresponde, de igual xeito, a locucións neolóxicas desta mesma clase rexistradas por Olímpio de Oliveira Silva (2014), como, por exemplo, *cambiar el chip*, *hacer los deberes*, *plegar las velas*, *romper el silencio*.

cada elemento constituínte, sen ofrecer datos que conduzan a unha análise sintáctica. Deste modo, os patróns dalgunhas das locucións citadas serían:

- Art. + N + Prep. + Art. + N: *el chocolate del loro, un ojo de la cara.*
- V + N: *cantar victoria, comer pavo.*
- V + Art. + N: *ahuecar el ala, alzar el gallo, caerse el pelo, chuparse el dedo, comer el coco, estirar la pata, lavar el cerebro, tomar el pelo.*
- V + Art. + N + Prep. + Art. + N: *tomar el rábano por las hojas, poner una venda en los ojos.*

3. A fixación estrutural

Dende a perspectiva da gramática, o concepto recuberto polo termo *grupo* non se refire a un conxunto de elementos –de substantivos, se se trata dun grupo nominal, ou de adxectivos, se é un grupo adxectivo–, senón a unha estrutura articulada en torno ao núcleo que a vertebra, o cal admite modificadores e complementos (RAE e ASALE 2009:61). Por exemplo, *la tercera carta oficial que me enviaron* é un grupo nominal formado en torno ao substantivo *carta*, modificado polo adxectivo *oficial*. O conxunto *carta oficial* forma outro grupo nominal, inserido no principal, e, ademais, é modificado pola oración de relativo *que me enviaron*. A secuencia *carta oficial que me enviaron* é modificada polo ordinal *tercera* e, por último, todo o conxunto *tercera carta oficial que me enviaron* está determinado polo artigo *la*. A construción represéntase do seguinte modo: [la [tercera [[[carta] oficial] que me enviaron]]] (RAE e ASALE 2009:59).

Ben, pois nas estruturas correspondentes aos patróns citados ao final do apartado anterior, non existen estas relacións de modificación nin de complementación entre os elementos constituíntes. E nisto, xustamente, radica a fixación dunha locución, no feito de que estes non establecen as relacións sintácticas que se dan entre os constituíntes dos grupos sintácticos libres¹⁴. Unha locución presenta, logo, a propiedade da fixación estrutural, é dicir, constitúe unha estrutura fixa na que os seus elementos constituíntes non desempeñan funcións específicas, co que non se poden analizar asignándolles

¹⁴ A fixación estrutural, tal como aquí se está presentando, é, segundo Mendívil Giró (2009), resultado da reanálise sintáctica, é dicir, do fenómeno segundo o cal un argumento do verbo reanalízase como parte do predicado e deixa de ser argumento sintáctico do mesmo. Cun exemplo deste autor, na estrutura [*Mi perro*]_{SN} [[*estiró la pata*]_V]_{SV}, o argumento *la pata* está reanalizado e *estirar la pata* constitúe un sintagma fixado co sentido de ‘morrer’. Pola súa banda, en [*Mi perro*]_{SN} [[*estiró*]_V [*la pata*]_{SN}]_{SV}, existiría un sintagma verbal en uso non idiomático. Das explicacións que se ofrecen no traballo de Mendívil Giró (2009) sobre a reanálise sintáctica parece desprenderse a condición de que, de xeito previo a unha locución verbal, debe existir un sintagma libre non reanalizado, o que non sempre é para moitísimas locucións, incluso excluindo as que si contan cun homónimo literal non fraseolóxico, caso de *estirar la pata*.

algunha¹⁵. Cuestión distinta é que a propia locución desempeñe unha función sintáctica oracional de acordo coa clase á que pertenza.

De aí, ademais, a conveniencia de definir as locucións referíndose a elas como combinacións fixas de palabras, non como grupos de palabras, pois nos grupos priman os elementos -sexan adxacentes ou nucleares- e as súas relacións sobre o todo, mentres que nas combinacións o punto de mira, a perspectiva, sitúase no todo que resulta da unión. Así se explica, ademais, que en gramática existan denominacións como *grupo nominal* ou *grupo verbal*, pero non *combinación nominal*.

Agora ben, a fixación estrutural das locucións, igual que a fixación formal e a propiedade da idiomaticidade, non se presenta de xeito absoluto, senón de modo relativo ou gradual, circunstancia que sinalaron reiteradamente os fraseólogos aínda sen se referir explicitamente ao concepto de fixación estrutural tal como aquí se entende. A comprobación deste feito encóntrase, precisamente, nos múltiples exemplos de uso que se poden rexistrar con locucións nas que algún dos seus elementos constituíntes foi sometido a procesos sintácticos como:

- A pronominalización:

(10) *Todos los proyectos que se hicieron en torno al ferrocarril en la última campaña continúan immaculados. ¿Será tan difícil ofrecer ponderables sin que parezca política barata?, ¿tenemos acaso cara de pedir la luna a quienes no la tienen?* (CREA).

- A referencia posterior:

(11) *Los utensilios que precisamos para acometer la empresa que estamos decididos a sacar adelante*, se pueden contar con los dedos de una mano y

¹⁵ Por suposto, xunto á fixación estrutural, situaríase a fixación formal, entendendo por tal o que Zuluaga (1980:99) define simplemente como fixación: “suspensión de alguna regla de la combinación de los elementos del discurso”, definición que dá conta de que os principios que regulan as combinacións de palabras nas linguas deixan de ter efecto, deixan de funcionar, quedan suspendidos nas unidades fraseolóxicas. Así, móstrano exemplos como *a pie juntillas*, no que quedou en suspensión, sen efecto, a regra da gramática española que obriga a concordar o nome *pie*, masculino singular, co adxectivo *juntillas*, feminino plural, que o acompaña. E iso aínda que puidese considerarse que non existe tal falta de concordancia por considerar que a unidade se forma co sufixo adverbializador *-as*, de xeito semellante a *a oscuras* ou *a tontas y a locas*. Que existe fixación formal, por non se dar a concordancia en xénero e número, probaríao a documentación da variante *a pies juntillos* no CORDE (*Agora digo que quiero creer a pies juntillos lo de Berta y Fiameta* (Eslava, A. de (1609): *Noches de invierno*)) e tamén en internet (*se cena de maravilla, cosa que me confirmó Rubén de los Brezos, vecino de la Taberna, al que creo a pies juntillos*). Do mesmo xeito, habería que ter en conta a fixación semántica ou idiomaticidade, que tamén definiu Zuluaga (1980:122): “rasgo semántico propio de ciertas construcciones lingüísticas fijas, cuyo sentido no puede establecerse a partir de los significados de sus elementos componentes ni del de su combinación”. Se na definición se substitúen os termos *trazo semántico* (ou elimínase *semántico*) e sentido, o primeiro pola súa utilización na semántica estrutural e o segundo por referirse á interpretación dunha locución, máis que ao seu significado, a idiomaticidade pode entenderse como a característica, propiedade ou trazo polo que algunhas unidades fraseolóxicas teñen un significado que non pode establecerse a partir do significado dos elementos que as constitúen.

sobran dedos, son: las pinzas, la lupa, el odontómetro y el filigranoscopio. (CREA).

- A tematización:

(12) *Aunque la voz cantante la llevaron los diputados conservadores, el momento más tenso lo protagonizó el laborista Keith Vaz*¹⁶.

- A relativización:

(13) *Querida Mariana: Después de liquidar unos trabajos para publicidad, aquí estoy otra vez pensando en las musarañas, que es en lo único que vale la pena pensar* (CREA).

- A complementación:

(14) *El ministro de Hacienda, Cristóbal Montoro, ha puesto en vereda a las Comunidades Autónomas. Las ha puesto en la vereda de la austeridad en el gasto*¹⁷.

- A elisión:

(15) *Ese triunfo en el corazón de Europa hará pensárselo dos veces al enemigo. Y mientras se lo piensa, nosotros decidiremos el ataque.*

4. A desautomatización como efecto do carácter relativo da fixación estrutural

O lector que coñeza en profundidade a obra de Zuluaga (1980) percibirá, de inmediato, a relación entre o título de 4. e un dos fragmentos desa obra:

Si se aplican a las expresiones fijas operaciones posibles según el sistema de la lengua (tales como permutaciones, inserciones, sustituciones pronominales, conmutaciones, modificaciones gramaticales, transformaciones sintácticas [...]) se obtienen efectos especiales diferentes de los efectos regulares propios de las combinaciones libres (Zuluaga 1980:95).

E así é, pois pódese falar de determinados *efectos* textuais, como haberá ocasión de comprobar ao longo dos apartados que seguen, para referirse ás consecuencias do carácter relativo da fixación estrutural. Agora ben, o primeiro que se produce, sen que este autor o mencione, é a perda do propio trazo da fixación estrutural por parte da locución sometida a unha ou outra de tales operacións. Que, en *pedir la luna* de (10), constituíntes *la luna* poidan ser o correferente nominal do pronome *la*, obxecto directo de *tienen*, supón tratar a locución como un grupo verbal no que algún dos seus elementos é substituído polo pronome correspondente en referencias posteriores. O mesmo sucede con *pensar en las musarañas* de (13): converter *las musarañas* en

¹⁶ [<http://www.elmundo.es/internacional/2013/12/03/529dd52561fd3db3058b456a.html>]. [7.11.2014].

¹⁷ [<http://www.arndigital.com/economia/opinion/89/el-ano-del-dragon/>]. [7.11.2014].

antecedente do relativo *que* implica conferir a *las musarañas* o status de grupo nominal. Non obstante, esta é a perspectiva do investigador, do lingüista. A do falante non especialista no estudo da lingua, senón usuario dela, é outra.

O emisor, ao proceder deste modo, ben sexa de xeito intencionado ou non, destrúe a fixación estrutural que caracteriza ás locucións, fainos perder o trazo ao que os fraseólogos¹⁸ se referiron con diferentes termos: *fixación, estabilidade, petrificación, conxelación, repetición, institucionalización, automatización*, sen presupoñer que todos eles recobren o mesmo concepto. En efecto, cómpre considerar que repetir, reproducir, as locucións ou as unidades fraseolóxicas en xeral, unha e outra vez baixo unha forma fixa, estable, conxelada conduce a institucionalizalas ou codificalas con esa forma que o emisor aprende e usa automaticamente e o receptor escoita tamén de xeito automático. Así, acontece a maioría das veces no uso lingüístico que os falantes fan das locucións: só hai que consultar os exemplos que aparecen en cörpera lingüísticos ou ter rexistrados centos e centos de ocorrencias para comprobalo de xeito inmediato. Non obstante, non é infrecuente encontrar modificacións das locucións coma as exemplificadas ao final do apartado anterior, que, en último extremo, conducen á súa desautomatización, á ruptura do automatismo da percepción, no sentido que ao termo *desautomatización* ou *estrañamento* lle deron os formalistas rusos (Šklovski 1975). Ben entendido que en primeiro lugar se produce unha desautomatización da locución, unidade que, en relación co seu significante ou o seu significado, emite o falante de modo distinto a como a súa codificación como unidade da lingua esixe e, en segundo lugar, provócase un estrañamento, unha sorpresa no receptor que pode acabar obtendo unha percepción insólita da propia locución e tamén da realidade designada por esta, unha percepción particular —que o uso da locución na súa forma codificada non ofrece—do obxecto designado (se se trata dunha locución nominal ou adxectiva, por exemplo) ou do evento referido (no caso dunha locución verbal ou adverbial).

Na fraseoloxía do español, non son habituais as referencias a Šklovski ao tratarmos a desautomatización das locucións (unha excepción constitúea Martí Sánchez (2014)), pero si a Zuluaga¹⁹, posiblemente o primeiro autor que remitiu a este formalista ruso ao estudar as unidades fraseolóxicas desta lingua²⁰. Non obstante, a aplicación á fraseoloxía do concepto de desautomatización xurdido da teoría literaria rusa non foi levada a cabo dun xeito estrito, talvez pola complexidade que leva consigo a lectura de Šklovski. En efecto, rastrexar a concepción da desautomatización e o estrañamento en *La cuerda del arco*, a obra que culmina os seus libros sobre crítica literaria (Šklovski 1975), resulta un exercicio en ocasións infrutuoso polas peculiaridades formais da propia obra e pola dificultade da súa interpretación. Non obstante, sempre é posible o recurso de acudir aos esxetas para obter os datos que poidan ser de interese nun traballo coma este, que non é especificamente de crítica literaria.


¹⁸ Por exemplo, Corpas Pastor (1996:19-24); Zuluaga (1980:95).

¹⁹ Corpas Pastor e Mena Martínez (2003); Mena Martínez (2003); Martí Sánchez (2014); Szyndler (2014); Timofeeva (2009); Zurdo (2002).

²⁰ Zuluaga (1975); Zuluaga (1980); Zuluaga (1992); Zuluaga (2001).

Neste sentido, a obra de Erlich (1974) ou a tese de Sanmartín Ortí (2006) explican que para a escola literaria constituída por estes estudiosos rusos a forma retorcida, o uso poético da imaxe, as metáforas en poesía, os recursos, en suma, de que dispón o poeta, transfíren o obxecto descrito a un plano diferente da realidade no que o habitual se converte en estraño; dito doutro xeito, a arte como recurso de estrañamento presenta o habitual baixo unha nova luz, sitúao nun contexto inesperado. O artista contrarresta o pulo da rutina e do costume de maneira que arranca o obxecto do seu contexto habitual; o poeta dálle un golpe de graza ao clixé verbal, á linguaxe habitual e obríganos, como suxeitos perceptores, a unha percepción máis elevada das cousas, pois o acto de deformación creadora restaura a agudeza da nosa percepción.

Así e todo, pode estenderse agora esta doutrina –poética, non se esqueza- á análise das unidades fraseolóxicas, especialmente das locucións. Estas unidades lingüísticas constitúen o paralelo dos termos habituais, do clixé verbal, na poética do formalismo ruso, pois forman parte do uso lingüístico corrente. O emisor –o paralelo do artista- que desautomatiza a súa emisión, nalgúns casos mediante as operacións sintácticas indicadas e noutros, mediante a inserción da locución nun determinado contexto, primeiro crea un estrañamento da propia locución ao presentala baixo unha nova forma e/ou cun significado ou unhas connotacións que lle son alleas –é o paralelo da metáfora ou da imaxe poética en poesía-. En segundo lugar, preséntalle ao receptor (o paralelo do suxeito perceptor na arte) a referencia da locución (o obxecto, a cousa distorsionada na arte poética) baixo unha nova luz, na esfera dunha nova percepción (que constitúe o fin principal da poesía). A seguinte figura esquematiza o explicado no parágrafo:



Con estes vimbios pódese intentar, logo, tecer o estudo da desautomatización en fraseoloxía.

4.1. Clasificación dos fenómenos de desautomatización

Clasificar e catalogar os efectos que produce a desaparición da fixación estrutural das locucións e a súa consecuenta desautomatización esixe, como paso previo, a recompilación dun corpus de ocorrencias que mostren fenómenos como os indicados ao final de 3. para a súa posterior análise, que daría como probable resultado a citada clasificación. Presentala non é a finalidade deste artigo, senón que, máis ben, o seu obxectivo é mostrar de xeito condensado, polas limitacións de espazo, algúns casos cuxa xeralización podería ser unha referencia para unha futura investigación coma a que aquí se está a formular.

Dado que a análise versa sobre locucións, unidades que, como calquera outras da lingua, constan dun significante e un significado, os casos que se van expoñer organizáronse segundo que afecten só ao significante da locución, unicamente ao seu significado ou tanto ao seu significante coma ao seu significado. Ben entendido que o significante se materializa nunha combinación de palabras con fixación formal e estrutural e o significado considérase que é idiomático, non composicional, non deducible do significado dos elementos constituíntes da locución.

Non debe pasar desapercibido que xa contamos con traballos nos que se clasifica a desautomatización fraseolóxica. En efecto, Corpas Pastor e Mena Martínez (2003) diferencian entre unha modificación formal ou manipulación intencionada e creativa na estrutura formal das unidades fraseolóxicas e unha modificación semántico-contextual e pragmática, que non é interna, senón que acontece no ámbito textual ou pragmático. Pola súa banda, Timofeeva (2009) diferencia entre unha desautomatización formal; cando se dan cambios, adicións ou supresións na estrutura formal, externa do fraseoloxismo; unha desautomatización semántica, relativa á composición léxica do fraseoloxismo, isto é, baséase no potencial semántico dos compoñentes da unidade fraseolóxica; e unha desautomatización discursiva, referida a un uso inadecuado, dende o punto de vista do discurso, da unidade fraseolóxica, como por exemplo, a mestura de rexistros²¹.

Non obstante, preferín sacar á palestra outra proposta, en primeiro lugar porque se basea na natureza das locucións en tanto que unidades lingüísticas cun significante e un significado e, en tanto que unidades fraseolóxicas con fixación estrutural e significado idiomático; en segundo lugar, porque as tipoloxías anteriores presentan algúns aspectos revisables. Así, por exemplo, en Corpas Pastor e Mena Martínez (2003) a ilustración do tipo de modificación semántico-contextual ou pragmática lévase a cabo a partir dun fragmento que non inclúe unha unidade fraseolóxica, senón un grupo sintáctico libre: *se da de cabezazos contra la pared*, cuestión distinta é que a súa aparición conduza ao lector do texto a pensar na locución *darse de cabezazos contra la pared*, ‘Estar

²¹ Szyndler (2014) baséase, esencialmente, nos traballos das autoras citadas neste parágrafo para analizar exemplos de desautomatización de unidades fraseolóxicas, sobre todo paremias, do polaco e do español. Tamén as paremias desautomatizadas son o obxecto de estudo de García Yelo (2012), concretamente en canto ao seu uso nas redes sociais.

extremadamente desesperado o furioso²², pero o falante non emite ningunha locución. En canto á clasificación de Timofeeva (2009), como haberá ocasión de comprobar nos apartados que seguen a este, a desautomatización formal (do significante na proposta que aquí se desenvolve) non leva consigo sempre modificacións no significado da locución, en contra do que afirma a autora (Timofeeva 2009:258); xunto a iso, a mestura de rexistros, nun discurso solemne que inclúa locucións coloquiais por exemplo, non desautomatiza, en principio, a locución, senón o propio discurso, do que se acaba obtendo unha percepción estraña.

4.1.1. Desautomatización do significante da locución

Neste apartado vaise mostrar que, en ocasións, a desautomatización das locucións incide simplemente sobre o seu significante, sobre a súa forma, aunque isto implique determinada interpretación do sentido do fragmento no que se inclúe a locución, non, en cambio, do significado da locución mesma, que permanece inalterado²³. De *llevar la voz cantante* pódense rexistrar ocorrencias como a xa presentada en (12), na que a tematización dos elementos *la voz cantante* obriga á aparición do pronome *la*, correferencial de *la voz cantante*, se ben o significado que hai que asignar á locución é o que propiamente lle corresponde ‘Ser el que impone su voluntad’, de maneira que a desautomatización da locución afectou só á fixación estrutural alterada coa tematización e o pronome.

A inmensa maioría de exemplos documentados no CREA da locución *llevar la voz cantante* preséntase sen que os constituíntes *la voz cantante* estén tematizados, ou sexa, como en

(16) –*¿Hubo alguien más aquella noche junto al Rey, además de usted? –Sí, sí, su familia, algún amigo y todas las personas destinadas en esta Casa, con papeles más o menos directos, pero colaborando todos para salir de aquella situación difícil, en la que Su Majestad el Rey llevó siempre la voz cantante* (CREA).

Adoptando o punto de vista de Firbas (1964) para a análise da perspectiva funcional da oración²⁴ no enunciado que inclúe a locución citada, o sintagma *el Rey* presenta un grao de dinamismo comunicativo menor que a locución, pois constitúe o tema, a información coñecida polo contexto lingüístico (previamente xa foi mencionado: *junto*

²² Do indicado por Corpas Pastor e Mena Martínez (2003:198) hai que deducir que existe unha locución, *darse de cabezazos contra la pared*, que ten o significado indicado no texto. Hai que facer notar, non obstante, que nin Seco, Andrés e Ramos (2004) nin a RAE (2014) recollen esta unidade fraseolóxica.

²³ Estáse partindo aquí da concepción de Coseriu sobre sentido e significado. Para este autor (Coseriu 1977 e Coseriu 1992), o sentido enténdese como o contido do discurso, os textos expresan actitudes, opinións e intencións do falante que constitúen o seu contido específico, o seu sentido. Pola súa parte, concibe o significado como un contido de conciencia, como una estruturación da experiencia humana.

²⁴ Seguindo este autor praguense, por *perspectiva funcional da oración* enténdese a distribución en varios graos de dinamismo comunicativo dos elementos dunha oración. Pola súa parte, o *grao de dinamismo comunicativo* refírese á extensión na que un elemento da oración contribúe ao desenvolvemento da comunicación.

a *el Rey*) e sobre todo polo coñecemento que do mundo teñen os dous interlocutores. Fronte a este sintagma, o elemento con máis alto grao de dinamismo comunicativo é a locución; que predica unha calidade, en sentido amplo, da persoa designada por *el Rey*. Dito doutro xeito, o que importa é *o que* se di do Rei, o que se predica del: que é o que impón a súa vontade, non que se deixou levar polas opinións das outras persoas, por exemplo.

(17) *Aunque la voz cantante la llevaba Eufrasio, su esposa intervenía de vez en cuando con voz entrecortada por las lágrimas* (CREA).

Pola contra, na tematización de *la voz cantante* confírelle á locución un valor distinto ao anterior, o dun menor grao de dinamismo comunicativo, xustamente pola dependencia contextual que lle orixina a tematización á locución; por outra parte, a ruptura do automatismo na percepción da propia locución produce o efecto de chamar a atención sobre a persoa que se vai mencionar a continuación, Eufrasio. Importa agora que o receptor repare en que é *el quen* impón a súa vontade, non a súa esposa.

Non se debe pensar, non obstante, que a desautomatización dunha locución, a súa percepción a través dunha forma modificada, vai sempre unida a un menor grao de dinamismo comunicativo. Só a análise do fragmento que inclúa a locución dende a perspectiva funcional da oración pode determinar as consecuencias da desautomatización. Obsérvese este outro texto:

(18) *“A nivel profesional, las puertas que tengo abiertas son gracias a mi actividad en esta red”, confiesa Maestre, que reconoce haber conseguido sus dos últimos trabajos gracias a su procazidad [...] Sin embargo, mostrar sus ideas sin ningún tipo de ambages también le ha cerrado otras* (EL MUNDO, 22/xaneiro/2014).

Nel encontramos as locucións *abrir las puertas* e *cerrar las puertas*, ambas as dúas baixo un significante que mostra a desaparición da fixación estrutural. No primeiro caso desaparece porque os elementos *las puertas* da locución están, así mesmo, tematizados, ademais de constituíren o antecedente do relativo. No segundo isto acontece polos mesmos elementos, pero esta vez da locución *cerrar las puertas*, foron substituídos polo pronome *otras*. Os significados das dúas locucións son os que propiamente lles corresponden ‘Hacer posible que una persona tenga éxito’ e o antónimo ‘Hacer imposible que una persona tenga éxito’. Non obstante, o grao de dinamismo comunicativo varía nunha locución e outra, aínda que as dúas perderon a súa fixación estrutural. Na oración composta que inclúe a locución *abrir las puertas*, o menor grao de dinamismo comunicativo corresponde á locución, onde a tematización simplemente prepara o receptor para saber que lle abriu as portas ao falante: *mi actividad en esta red*. Pola contra, na oración cuxo predicado é a locución *cerrar las puertas* (modificada baixo a forma *ha cerrado otras*), o sintagma *mostrar sus ideas sin ningún tipo de ambages* ten un menor grao de dinamismo comunicativo, pois polo contexto lingüístico sábese que esa é a actividade, cualificada de procaz, á que se dedica o falante. A locución *cerrar las puertas*, co significante modificado, é a que soporta o maior grao de dinamismo comunicativo, de maneira que a percepción da

locución desautomatizada permite que o receptor atenda especialmente ao feito de que o falante non tivo éxito nalgún aspecto.

En ocasións, a percepción desautomatizada do significante dunha locución chega ata o extremo de crear imaxes con certo valor estilístico; nada alleo á orixe do propio concepto de desautomatización, xurdido, como se indicou, no ámbito do formalismo ruso para o estudo da obra de arte literaria. O seguinte fragmento é boa mostra do que se acaba de afirmar:

- (19) *Si Francia, Italia o España dan la medida de hasta dónde puede llegar la corrupción con sistemas públicos, Inglaterra o Japón ilustran de sobra la corrupción que puede generar un sistema privado. El gato de la corrupción no es blanco ni negro: es gris, y si nuestros políticos se encastillan en sus posiciones en lugar de salir juntos a buscarlo, no podrán ponerle el cascabel (CREA).*

O sintagma *El gato de la corrupción* crea unha anomalía semántica –*El gato* é semanticamente incompatible co complemento *de la corrupción*–, ademais da metáfora O SUBORNO É UN ANIMAL²⁵, que non chega a ser comprendida polo lector ata que non aparece, ao final do fragmento, a locución *ponerle el cascabel al gato*, cun acurtamento formal pola tematización previa dos elementos *El gato*, pero co significado que lle corresponde: 'Atraverse a realizar unha acción difícil', o cal conduce, finalmente, a interpretar a imaxe previa do gato e, ao mesmo tempo, a presentar o suborno baixo unha luz, un prisma, que sae absolutamente do habitual.

Outra operación non permitida, en principio, pola fixación estrutural das locucións verbais é a súa transformación á forma pasiva perifrástica. Non obstante, aínda que son escasos, é posible encontrar exemplos coma:

- (20) *Los dedos rectos: Estas personas son francas y directas. Se enfrentan al peligro de ser tomado el pelo, debido a su naturaleza honesta. Son diligentes, enérgicos e impulsivos*²⁶.
- (21) *La fiebre de los viajes, el ansia de ver y pisar nuevas tierras bullen en su interior. De repente, lo tira todo por la borda. En 1864 abandona el servicio del sultán, inexplicablemente. Huye a uña de caballo y su cabeza es puesta a precio*²⁷.

²⁵ Máis que dunha metáfora trátase mesmo dunha alegoría, dunha metáfora continuada, porque se di, ademais, que o gato da corrupción é gris: non destaca, non chama a atención; o que non acontecería se fose branco ou negro e por iso é máis difícil de detectar, de descubrir, se non se ten a vontade de buscalo.

²⁶ [<http://www.carmenmonterotarot.es/blog/los-dedos-de-las-manos-y-la-quiromancia>]. [7.11.2014].

²⁷ [<http://mdc2.cbuc.cat/cdm/compoundobject/collection/destino/id/132732/show/132641/rec/16>]. [12.11.2014].

Estamos agora ante as locucións *tomar el pelo*²⁸ e *poner su cabeza a precio*, esta última variante non marcada da locución *poner la cabeza a precio*. A desautomatización que a pasiva perifrástica leva consigo acompáñase, ademais, do feito de que, en xeral, as pasivas con *ser* son moito menos frecuentes no uso lingüístico que as oracións activas ou as pasivas con *se*²⁹. Deste modo, a desautomatización destas locucións mediante a pasiva perifrástica, operación que non afecta ao seu significado, logra unha maior atención por parte do receptor cara ás propias locucións. Destácase a súa percepción ofrecéndoas coa súa fixación estrutural alterada e nunha forma pouco habitual³⁰. Neste caso, o estrañamento vincúlase, ademais, á menor frecuencia: o pouco frecuente remata sendo visto como raro e, en consecuencia, cando aparece destaca.

4.1.2. Desautomatización do significado da locución

Como se observou, a análise que se presenta neste traballo documéntase no uso real das locucións, non en meras indicacións sobre se unha determinada locución admite ou non determinadas operacións sintácticas, xeito de proceder non infrecuente no estudo desta cuestión. Pois ben, xustamente os textos producidos polos falantes fan ver que, en ocasións, a desautomatización dunha locución prodúcese só en relación co seu significado sen afectar ao seu significante e sen que, en consecuencia, apareza ningún dos fenómenos sintácticos ata agora mencionados. Isto implica que a desautomatización non ten que ver só coa fixación estrutural, senón que vai máis alá dela cando se desautomatiza o significado dunha locución

Léase o seguinte fragmento oral obtido do CREA e que corresponde a unha entrevista realizada na cadea 1 de TVE a Miguel Durán Campos, durante un tempo director xeral da ONCE, como é ben sabido.

(22) *hablan de que usted tiene un excesivo protagonismo, por mucho que ahora parece un corderito, esta noche en televisión, excesivo protagonismo y que sus inversiones tienen un excesivo riesgo, por ejemplo, estamos hablando esta noche de concretamente de televisión. La televisión, ¿no le da miedo pillarse los dedos, señor Durán, de verdad? No, y además, los dedos nosotros los vigilamos mucho porque sirven para leer* (CREA).

O entrevistador utiliza a locución *pillarse los dedos*, ‘Salir perjudicado’, para referirse ao perigo que poden supoñer os investimentos accionariais que a ONCE realizou, no ámbito dos medios de comunicación, baixo a dirección de Miguel Durán. Este interlocutor responde á pregunta do xornalista tallantemente cun *Non* e engade: “los

²⁸ Sobre esta locución a nova gramática da Academia indica explicitamente que contén un obxecto directo inmovilizado lexicamente e que tende a rexeitar a pasiva (RAE e ASALE 2009:3050).

²⁹ Isto dedúcese de Fernández (2007:191) e de RAE e ASALE (2009:3091).

³⁰ Obsérvese, ademais, que na (19) conversión en pasiva da locución verbal *tomar el pelo* tradúcese nunha construción que case roza a agramaticalidade, xa que de ser aceptada, fronte a *Se enfrentan al peligro de que les tomen el pelo, debido a su naturaleza honesta*, sería un tanto máis correcta *Se enfrentan al peligro de que les sea tomado el pelo, debido a su naturaleza honesta*.

dedos nosotros los vigilamos mucho porque sirven para leer”. Dende ese momento o entrevistador e o espectador están obrigados a pensar non no significado da locución *pillarse los dedos*, senón no do grupo verbal homónimo da locución, cuxo significado, non idiomático, se obtén a partir da acepción 4 de *pillar* e da 1 de *dedo*³¹. O interlocutor que emitiu a locución non tiña ningunha intención de desautomatizala, a desautomatización xurdiu no interlocutor que a escoitou e que tomou a decisión de interpretar literalmente unha combinación de palabras en principio fixa, coa conseguínte carga de ironía e humor á que isto, ademais, conduce. Explótase ata o límite a motivación da locución³², moi probablemente formada polo proceso cognitivo da metáfora, que leva a proxectar situacións concretas (sufrir un dano físico por pillar os dedos da man cunha porta) sobre outras de natureza non física (sufrir un dano económico por unha mala xestión accionarial).

Un exemplo análogo encontrámolo no seguinte fragmento, a diferenza co anterior consiste en que neste caso non interveñen dous interlocutores, senón que o mesmo falante emite a locución e, de xeito inmediato, obriga o receptor á súa reinterpretación como grupo sintáctico libre:

(23) *Froome ganó la contrarreloj con nueve segundos de ventaja sobre Contador y diez sobre Purito [...] En la víspera hubiéramos firmado una pérdida mínima, pero el desarrollo de la etapa nos puso la miel en los labios. Cómo no relamerse. En cada paso intermedio, Contador aventajaba a Froome: primero en dos segundos, luego en veinte y después en once. El keniano bajaba con precauciones, como si cada señal de curva peligrosa le recordara el perfil de Contador. La expectativa, sin embargo, se evaporó como el agua que había caído durante la etapa. En el último tramo el líder recuperó 20 segundos, suficientes para sumar su tercer triunfo de etapa*³³.

O texto no que se inclúe o fragmento (23) permítelle saber ao lector que, na etapa da volta ciclista previa á descrita nese fragmento, o corredor Contador quedou por detrás de Froome e que o equipo de Contador se conformaría coa perda de só nove segundos. A locución *poner la miel en los labios*, co significado ‘Hacer que una persona comience a disfrutar de una cosa grata’, avánzalle ao lector un cambio na situación descrita previamente, non de todo favorable ao ciclista español: o desenvolvemento da etapa fai que Contador e o seu equipo empecen a pensar que a posición deste mellore. Non obstante, a aparición do enunciado exclamativo *Cómo no relamerse* sitúa o fragmento *puso la miel en los labios* non no plano da satisfacción anímica pola obtención dun triunfo deportivo, senón no da satisfacción corporal de lamber os beizos despois de comer mel, unha substancia doce que queda pegada cando se toma. De novo

³¹ Son estas: “Aprisionar con daño a algo o alguien. U. c. prnl. *Me pillé un dedo con la puerta*” e “Cada uno de los cinco apéndices articulados en que terminan la mano y el pie del hombre y, en el mismo o menor número, de muchos animales” (DRAE 2014:1711 e 714, respectivamente).

³² Para a aplicación da noción de motivación ao ámbito da fraseoloxía, véxase Penadés Martínez e Díaz Hormigo (2008).

³³ [http://ciclismo.as.com/ciclismo/2013/07/17/mas_ciclismo/1374048473_676196.html]. [13.11.2014].

alúdese á motivación da locución e ao mesmo proceso metafórico cognitivo anterior que está na orixe da súa formación, e iso para situar o goce dun triunfo non só no plano anímico, tamén no fisiolóxico, botando así unha nova percepción sobre a realidade dos triunfos deportivos.

Nos dous exemplos anteriores, a desautomatización da locución chega coa aparición dun fragmento do discurso situado despois da locución. En ocasións, a clave para desautomatizala encóntrase antes. Véxase este fragmento:

(24) *Que lo de la acusación de corrupción sobre CiU que hizo Maragall ha destapado la caja de Pandora es un hecho irrefutable, pero que la información se vaya a volver también contra Maragall quizás no lo previera el presidente de Cataluña. Resulta que Maragall era el alcalde antes, durante y después de las Olimpiadas de Barcelona de 1992. Ahí se cocieron miles y miles de millones de las antiguas pesetas. Parece ser que el ex alcalde puso el cazo*³⁴.

A lectura deste texto non presenta ningunha singularidade destacable ata a aparición do verbo *cocieron* nunha oración en pasiva reflexa cuxo suxeito é *miles y miles de millones de las antiguas pesetas*. A transformación a activa daría lugar a *Ahí cocieron miles y miles de millones de las antiguas pesetas*, oración impersoal activa cun suxeito que non se coñece ou non se quere especificar e o obxecto directo *miles y miles de millones de las antiguas pesetas*. Indico isto simplemente para puntualizar que o verbo *cocer* selecciona un obxecto directo referido a un alimento cru, é dicir, impón unha restrición semántica que converte en anómala a oración *Ahí se cocieron miles y miles de millones de las antiguas pesetas*, co obxecto directo da oración anterior agora en función de suxeito paciente. A percepción do lector queda xa alertada pola anomalía semántica, que resulta máis comprensible cando aparece o enunciado que contén a locución *poner el cazo*, cuxo significado é ‘Aceptar o recibir dinero’. En efecto, a desautomatización previamente creada coa imaxe de *cocer diñeiro* fai comprensible o xogo de significados que implica *poner el cazo*, pois non se trata só de ‘Aceptar o recibir dinero’, significado idiomático, senón tamén de ter actuado poñendo no lume o cazo onde o diñeiro se ía cocer, continuación metafórica da imaxe previa de *cocer diñeiro*. É dicir, créase un triplo plano de significados: o literal xurdido da imaxe mental³⁵ á que dá lugar a locución, estraña pola propia referencia a poñer un cazo para *cocer diñeiro*, situación real de todo punto increíble; o idiomático relativo a aceptar ou recibir diñeiro, propio da locución; e o alegórico derivado da sucesión de imaxes que conducen á interpretación do texto: Maragall fixo todo o posible para conseguir diñeiro, co que incorreu tamén na corrupción da que se fala.

Os anteriores son, por tanto, casos que conducen á interpretación literal, non idiomática, da locución, o que produce, claro está, a súa desautomatización, pois o receptor, percibida a unidade fraseolóxica, nun primeiro momento de xeito automático,

³⁴ [<https://es.groups.yahoo.com/neo/groups/partidofederalistaesp/conversations/messages/5>]. [13.11.2014].

³⁵ Tómasse imaxe mental no sentido que lle dan Dobrovol'skij (2007) y Dobrovol'skij e Filipenko (2007).

tanto en relación co seu significante coma en relación co seu significado, vese obrigado, de inmediato a contraponer un significado idiomático (o da locución) e un significado literal (que non é o da locución) pero puido estar na orixe da unidade fraseolóxica ou, polo menos, así o percibe quen desautomatiza a locución³⁶. E se na súa mente non está esa vinculación diacrónica, si está presente a posibilidade de vincular no momento (en sincronía diría o especialista) dous significados distintos a unha mesma unidade lingüística (o idiomático e o literal), ou, mellor, dous significados distintos de dúas unidades lingüísticas diferentes: a locución e o grupo sintáctico libre homónimo, co conseguinte xogo interpretativo do texto ao que isto conduce.

4.1.3. Desautomatización do significante e do significado da locución

O último caso que se vai presentar refírese á desautomatización de locucións que se produce por modificar o seu significante, coa consecvente perda da fixación estrutural, e por facer presente, procedendo así, tanto o significado do grupo sintáctico libre homónimo da locución, coma o significado idiomático desta. Tamén é posible, como se verá, modificar o significante e, parcialmente, o significado da locución ou, polo menos, facer que este contribúa, de modo especial, á interpretación do texto no que aquela se insire.

O seguinte exemplo, coa locución *ligero de cascos*, só se pode entender como locución desautomatizada no seu significante se se parte da lingua escrita, porque aparece Cascos en maiúscula; ademais, o contexto lingüístico e o coñecemento do mundo acaban facéndolle saber o lector que se está a dar unha noticia sobre Francisco Álvarez-Cascos, coñecido exmilitante do Partido Popular:

(25) *El PP es un partido ligero de Cascos. “Dejo 34 años de militancia por dignidad”. Francisco Álvarez-Cascos está dispuesto a liderar una candidatura, al margen del PP, a la presidencia de Asturias el próximo 22 de mayo si el sector social que le ha respaldado hasta ahora le apoya en lo que hoy calificó de “un gran reto para espíritus valientes”*³⁷.

A modificación formal da locución adxectiva *ligero de cascos* abre a posibilidade de interpretala non só no seu significado idiomático de 'Irreflexivo', non unicamente en tanto que locución, senón tamén literalmente, como grupo adxectivo, a partir da acepción 1 b) do núcleo *ligero*: “Que está, o da la impresión de estar, poco cargado. *Gralm con un compl especificador*” (Seco, Andrés e Ramos 1999: 2837), completado polo sintagma nominal *de Cascos*³⁸. Deste modo, o autor da noticia ofrece dúas

³⁶ No último exemplo analizado, pola imaxe previa de *Ahí se cocieron miles y miles de millones de las antiguas pesetas*, tal vez na mente do falante estea primeiro o significado literal e con posterioridade repare no idiomático. En calquera caso, esta é unha cuestión psicolingüística que, en principio, non afecta ao fío argumental exposto.

³⁷ [http://www.forodelasrozas.com/foro/viewtopic.php?f=21&t=29992] [19.11.2014].

³⁸ Obsérvese, asimismo, a asociación que el grupo sintáctico libre *ligero + complemento especificador* crea inmediatamente con el conocido verso de Antonio Machado “me encontraréis a bordo ligero de equipaje”, lo que refuerza la lectura no idiomática del fragmento.

interpretacións: que o PP xa non conta coa presenza de Álvarez Cascos entre os seus afiliados e que actúa de xeito irreflexivo ao permitir esa situación.

Tamén se produce unha desautomatización do significante e do significado da locución verbal *pasar bajo las horcas caudinas*, que significa ‘Someterse a una persona o a una cosa para la fuerza’, no seguinte fragmento:

(26) *Cuando Jesús Polanco, el dios laico de la progresía que en la gloria laica esté, comunicó urbi et orbi lo que podríamos denominar como su testamento político en marzo de 2007, diseñó las horcas caudinas bajo las que tendría que pasar el PP para ser considerado un partido digno de ser apoyado por PRISA y con el nihil obstat polanquiano para poder volver a detentar el poder. El yugo bajo el que tendría que agachar la cerviz todo pepero que quisiese dejar de ser ultraderechista extremo quedó conformado por las siguientes condiciones bien explicitadas por Jesús Polanco*³⁹.

A locución carece de fixación estrutural porque os elementos *las horcas caudinas* tematizáronse e, ademais, transformáronse no antecedente dun pronome relativo. Pero, ao mesmo tempo, a locución reenvía o lector á súa orixe no fragmento posterior: *El yugo bajo el que tendría que agachar la cerviz todo pepero*, de maneira que non só se trata de someterse ás condicións de Jesús Polanco, de aceptalas por chegar a un acordo por exemplo, senón tamén de sufrir a humillación que iso implica para algúns afiliados ao Partido Popular, dende a perspectiva do autor do texto. Só hai que recordar a orixe desta locución⁴⁰ e reflexionar sobre o significado de *humillarse*: ‘Adoptar alguien actitud de inferioridad frente a otra persona, o perder su dignidad con alguna acción’ (Moliner 1990:76). En calquera caso, coa desautomatización do significante e do significado da locución o autor do texto logra ofrecer unha nova percepción da situación á que se debe adaptar o Partido Popular se quere alcanzar o obxectivo de gobernar.

Non son escasos outros exemplos con locucións modificadas no seu significante cuxa interpretación alcanza maior ou menor forza en función das implicacións que se derivan a desautomatización do significante efectuada. Trátase de ocorrencias nas que un elemento constituínte da locución modifícase por un complemento, situación que mostra o carácter gradual da fixación estrutural e, á par, permite matizar, dalgún modo, o significado da locución. É o que encontramos nos seguintes textos:

³⁹ [<http://foros.periodistadigital.com/viewtopic.php?t=23754>]. [19.11.2014].

⁴⁰ En Buitrago (2002:555) indícase: “El dicho hace referencia al episodio que tuvo lugar en el año 321 en la ciudad italiana de Caudio, en el camino entre Capua y Benevento, actual región de Campania. En esa zona habitaban los samnitas, que mantenían frecuentes enfrentamientos con los romanos. Tras uno de ellos, los romanos se comprometieron a firmar la paz a cambio de obtener paso libre por el estrecho desfiladero, denominado hoy de las Horcas Caudinas, que atraviesa los Apeninos. Como garantía del compromiso dejaron a seiscientos soldados de la caballería en manos de los samnitas. Éstos, con el fin de humillar a los romanos, formaron un arco con una especie de yugos, llamados horcas, que eran los que se utilizaban para llevar al cadalso a los condenados a muerte, lo colocaron a poca altura y obligaron a los rehenes a pasar bajo él, con lo que se veían obligados a agachar la cabeza [...] El episodio se saldó suspendiendo el acuerdo y declarando la guerra a los samnitas”.

- (27) *Margaret Thatcher* ha puesto tímida sordina a la triunfal gira europea de *George Bush* al advertir contra los riesgos del exceso de optimismo. Ambos insistieron ayer en que la especial relación británico-norteamericana va a seguir en el futuro, aunque una fuente próxima a la primera ministra colocó un pero a la relación personal entre ambos líderes (CREA).
- (28) *Julio Anguita* se ha apercibido de que *Felipe González* anda poniéndole a parir; y le ha pedido al presidente algunas aclaraciones [...] A *Julio Anguita* le ha sorprendido que *González* le ponga como chupa de dómine comunista (CREA).
- (29) *Sergio Scariolo* regresaba por primera vez a la cancha del *Martín Carpena* para sentarse en el banquillo visitante del club al que puso en los altares del baloncesto y ante el que ayer el *Laboral Kutxa* consiguió una victoria de enorme mérito en el arranque del “Top 16”⁴¹.

As locucións rexistradas neles cos seus respectivos significados son *poner sordina* (‘Hacer que sea menos notoria una cosa’), *poner como chupa de dómine* (‘Criticar a una persona’) e *poner en los altares* (‘Ensalzar, engrandecer a una persona o una cosa’) todas elas cun constituínte modificado por un adxacente, concretamente os adxectivos *tímida* e *comunista*, e o complemento do nome *del baloncesto*. Deste modo, en (27), ao indicar que Thatcher puxo sordina á xira de Bush, redúcese a notoriedade do triunfalismo da xira, pero, ademais, a crítica que hai implícita por parte de Thatcher cara a Bush queda minorada, atenuada, coa anomalía semántica que se crea ao combinar o substantivo *sordina* co adxectivo *tímida*, combinación que non respecta as restricións semánticas que impón o adxectivo, pois pode ser atributo de substantivos referidos a seres humanos ou a aspectos seus, pero non referidos a obxectos como os designados por *sordina*.

Pola contra, a crítica de Felipe González a Julio Anguita magníficase, non se atenúa, como o triunfo do exemplo anterior, aínda que o procedemento é, de novo, unha anomalía semántica: *dómine comunista*, pois nada máis lonxe da realidade que un preceptor comunista na época na que existían estes mestres de gramática latina. Ademais, as implicacións que se derivan da desautomatización creada polo autor do fragmento crecen se se ten en conta, por unha parte, que Julio Anguita era mestre de profesión e, por outra, que os dómínes foron caracterizados como persoas pouco coidadosas no seu aseo persoal⁴². Evidentemente, a figura real de Julio Anguita non

⁴¹ [<http://m.noticiasdealava.com/2014/01/03/baskonia/scariolo-alaba-la-paciencia-para-mover-el-balon-y-lograr-ventajas>]. [20.11.2014].

⁴² Neste sentido, a orixe da locución *poner como chupa de dómine* explícase do seguinte modo: “Como en outras locuciones de este tipo, lo sucio se identifica con la ofensa que se hace a otra persona de palabra. En este caso, tal suciedad la encontramos en una *chupa* [...] La *chupa* era una prenda de tela ajustada que cubría el pecho y los brazos, con unas faldillas que caían por debajo de la cintura. Solían usarla los soldados y gente de condición humilde. La prenda en cuestión pertenece en este caso a un cura que ejerce de preceptor y de maestro de latines, que eso es lo que significa *dómine*. Parece ser que estos sacerdotes, muchas veces fingidos y motivo de crítica y mofa en varios episodios de nuestra literatura,

resulta nada favorecida pola percepción que se obtén dela a partir da desautomatización da locución.

O último exemplo tamén xira ao redor doutra modificación do significante: *altares del baloncesto*, estraña por ser, así mesmo, de todo punto anómala. A locución *poner en los altares* esixe, ademais, unha análise previa á interpretación do seu uso no contexto anterior. Seco, Andrés e Ramos (2004:134) definen esta locución verbal como 'Canonizar o beatificar' e engaden a explicación de que tamén ten un uso figurado (Tb fig.). Sen entrar agora nos problemas que suscita esta marca nos dicionarios, hai que indicar que son moitos os exemplos nos que a locución non significa "Canonizar o beatificar", de maneira que é conveniente asignarlle unha segunda acepción cuxa definición correspondería ao significado mostrado anteriormente: 'Ensalzar, engrandecer a una persona o una cosa', o que precisamente ten o uso ilustrado en (29), no que se fala de que o adestrador de baloncesto Sergio Scariolo fixo grande o club de baloncesto Unicaja Málaga, pois con este adestrador o club obtivo a Copa do Rei en 2005. A acepción 'Canonizar o beatificar' da locución explícase polo proceso metonímico do lugar (altar) pola causa que permite ocupar ese lugar (ser santo). Pola súa banda, a segunda acepción, 'Ensalzar, engrandecer a una persona o una cosa', supón unha xeralización do primeiro significado pola que o feito de ser santo, bo, se estende a outros moitos ámbitos distintos do relixioso⁴³. En (29) o ámbito queda claramente especificado polo complemento *del baloncesto*.

5. Conclusións

Son varias as conclusións que se desprenden do exposto neste traballo, unhas de orde teórica e outras de carácter aplicado. En relación coas teóricas, unha primeira conclusión refírese á necesidade de delimitar máis claramente o concepto de fixación sintáctica das locucións. Como se demostrou no apartado 2., habitualmente refírese ao feito de que nesta clase de unidades fraseolóxicas non é posible tematizar, pronominalizar, pasivizar ou complementar algúns dos seus elementos constituíntes. Non obstante, as mesmas deficiencias danse en certos grupos sintácticos libres, de maneira que esta particularidade non serviría para diferenciar as locucións e, o que é peor, non se refire á locución en tanto que unidade, senón aos seus elementos constituíntes.

En cambio, nestes fraseoloxismos, fronte aos grupos nominais, adxectivais, verbais ou adverbais, non se establecen relacións funcionais entre os elementos que os forman, o

abandonaban su aseo personal hasta el punto de que su suciedad daba origen a ciertos proverbios" (Buitrago 2002:574-575).

⁴³ Por exemplo o mundo do cine, no primeiro dos seguintes exemplos, e o ámbito das bebidas, no segundo: *A Depardieu se le puso en los altares porque era francés. Pero se ve que él de patriotismo poco. Si le suben los impuestos se hace ruso. Para lo bueno quiero, para lo malo me voy por ser un poco menos fabulosamente rico. Ingrato. Ojalá sus compatriotas tomen nota y le retiren ese apoyo* [<http://www.burbuja.info/inmobiliaria/burbuja-inmobiliaria/381406-irse-de-putins.html>] [20.11.2014]; *¿Que opinión te merece la cerveza Judas? Ayer un colega mío la puso en los altares y me quedé con ganas de probarla* [<http://foros.acb.com/viewtopic.php?f=3&t=307396&start=180>]. [20.11.2014].

que permite falar dunha estrutura fixa nas locucións, de aí a posibilidade de diferenciar, xunto á fixación formal e semántica, unha fixación estrutural, entendida como característica ou trazo das locucións segundo o cal non se establecen entre os seus constituíntes as relacións sintácticas que se dan entre os de grupos sintácticos libres. Unha locución constitúe unha estrutura fixa na que os seus elementos constituíntes non desempeñan funcións específicas, polo que non se poden analizar asignándolles determinadas funcións sintácticas ou semánticas. Obsérvase que esta propiedade corresponde á locución como unha unidade, como un todo, non a algún dos seus compoñentes, como acontece coas caracterizacións que se deron da fixación sintáctica. A existencia dunha fixación estrutural nas locucións e a súa caracterización sería a segunda conclusión que se deriva deste traballo.

Agora ben, seguindo o universal lingüístico do centro e a periferia, diferenciado polos estudosos do Círculo de Praga, é posible afirmar que non todos os elementos dunha clase presentan todos os trazos que a caracterizan (Penadés Martínez 2012:30-41), de aí a consideración do carácter relativo da fixación estrutural das locucións. Iso explica que se documenten ocorrencias nas que algunhas locucións mostran fenómenos como a tematización, a pronominalización, a pasivización, a complementación ou a elisión. Neste sentido, a terceira conclusión refírese ao carácter relativo, gradual, da propiedade da fixación estrutural das locucións.

A cuarta conclusión, tamén de natureza teórica, atinxe á desautomatización das locucións que se orixina cos fenómenos sintácticos citados no parágrafo anterior. En efecto, tal como se demostrou no apartado 4., o concepto de desautomatización, orixinado no formalismo ruso para o estudo da obra poética, pode estenderse á análise das locucións, con todas as súas implicacións sobre o estrañamento que se produce ao percibir unha locución e a realidade por ela designada. Puido comprobarse, así mesmo, que a desautomatización dunha locución non atinxe só ao seu significante, tamén se pode desautomatizar o seu significado ou os dous elementos da locución á vez en tanto que signo lingüístico: o significante e o significado.

As dúas últimas conclusións que se deducen deste artigo atinxen máis á vertente aplicada na investigación das locucións. Os exemplos analizados de locucións, que poderían multiplicarse, e o propio estudo levado a cabo sobre a interpretación dos fragmentos que as inclúen, mostran que a teoría sobre a desautomatización é un instrumento extremadamente útil para traballar no ámbito da análise lingüística de textos, pois todas as connotacións e implicacións ás que se chega nos distintos fragmentos xorden do exame dunha locución desautomatizada incluída nun determinado contexto lingüístico. As posibilidades que abre esta hermenéutica textual afasta as locucións do pintoresquismo, coloquialismo ou mesmo expresividade, baleiro no que, frecuentemente, as sitúan os especialistas. As locucións desautomatizadas non aparecen nun texto como mero obxecto de adorno, senón que son a chave para chegar ao sentido, á interpretación que se esconde detrás dunha aparentemente inofensiva unidade lingüística. Non hai máis que recordar a análise realizada dos fragmentos (19), (22), (24), (25), (26) ou (28). Ábrese, en consecuencia, un amplo conxunto de posibilidades coa aplicación da fraseoloxía á análise lingüística de textos e tamén –por que non?– ao literario. Ademais, faise explícita a necesidade de estudar a

desautomatización en fragmentos máis ou menos extensos de textos, non en oracións descontextualizadas nas que só se ilustran as operacións sintácticas que permiten ou non certos constituíntes das locucións, como en ocasións se fixo.

Finalmente, como se sabe, formulouse a cuestión da desautomatización das locucións para o seu ensino-aprendizaxe no ámbito da L2 (Martí Sánchez 2014). Aínda que xa se indicou (Martí Sánchez 2014:47), convén insistir en que das análises dos fragmentos utilizados neste artigo dedúcese a obriga de controlar esta práctica pedagóxica especificando claramente o nivel para o que sería apropiada a súa utilización. Se as locucións xa presentan de por si certa complexidade pola fixación e a idiomaticidade, a súa desautomatización multiplica as dificultades para recoñecelas, por parte dun falante non nativo, e para comprendelas e interpretalas. Por todo isto, só hai que delimitar claramente as condicións nas que pode recorrerse a este tipo de práctica, por exemplo para traballar a comprensión lectora en aprendices dun nivel C. Deste modo, evitaríanse situacións como a que se lle formula a Manolito Gafotas, aínda que esta sexa unha pura ficción:

(30) *Nos tomaban medidas con un metro y hablaban de tallas y de colores. Yo quise insistirle a la Luisa que no me comprara los pantalones azules para que el chulo de mi calle, Yihad, no se me riera en la cara nada más verme, porque según Yihad el color de los pijos es el azul y que eso es algo demostrado por sociólogos de todo el mundo. Pero la Luisa me dijo que me callara porque mi opinión le importaba bien poco, y que encima de que se iba a gastar un dineral, que no pusiera pegas idiotas, y luego habló de un caballo que si te lo regalaban no tenías ni que mirarle los dientes (Lindo 2003:69).*

6. Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2003): *As locucións verbais galegas*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.
- (2013): “Recensión de PENADÉS MARTÍNEZ, INMACULADA (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá. I.S.B.N.: 9788415595762; 332 páxs” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15; 526-529.
- BUITRAGO, Alberto (2002, 7.^a ed.): *Diccionario de dichos y frases hechas*. Madrid: Espasa Calpe.
- CARNEADO MORÉ, Zoila (1985): “Algunas consideraciones sobre el caudal fraseológico del español hablado en Cuba” en CARNEADO MORÉ, Zoila y TRISTÁ PÉREZ, Antonia María: *Estudios de fraseología*. La Habana: Editorial de Ciencias Sociales; 7-38.
- CASTILLO CARBALLO, M.^a Auxiliadora (2000): “Lingüística de corpus y fraseología: algunas consideraciones sobre las locuciones verbales” en CORPAS PASTOR, Gloria (ed.): *Las lenguas de Europa: estudios de fraseología, fraseografía y traducción*. Granada: Comares; 95-126.
- CORPAS PASTOR, Gloria (1996): *Manual de fraseología española*. Madrid: Gredos.

- CORPAS PASTOR, Gloria y MENA MARTÍNEZ, Florentina (2003): “Aproximación a la variabilidad fraseológica de las lenguas alemana, inglesa y española” en *Estudios de Lingüística. Universidad de Alicante* 17; 181-201.
- COSERIU, Eugenio (1977): *El hombre y su lenguaje*. Madrid: Gredos.
- (1992): *Competencia lingüística. Elementos de la teoría del hablar*. Madrid: Gredos.
- DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij (2007): “Idiom Semantics from a Cognitive Perspective”, en LUQUE DURÁN, Juan de Dios y PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.): *Interculturalidad y lenguaje, I, El significado como corolario cultural*. Granada: Granada Lingüística; 37-48.
- DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij y FILIPENKO, Tatjana (2007): “Russian Phraseology” en BURGER, Harald, DOBROVOL'SKIJ, Dimitrij, KÜHN, Peter y NORRICK, Neal R. (eds.): *Phraseologie. Phraseology. Ein internationales Handbuch der zeitgenössischen Forschung. An International Handbook of Contemporary Research, 2*. Berlin / New York: Walter de Gruyter; 714-727.
- ERLICH, Victor (1974): *El formalismo ruso*. Barcelona: Seix Barral.
- FERNÁNDEZ, Susana S. (2007): *La voz pasiva en español: un análisis discursivo*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- FIRBAS, Jan (1964): “On Defining the Theme in Functional Sentence Perspective” en *Travaux Linguistiques de Prague* 1; 267-280.
- GARCÍA YELO, Marina, (2012): “El proceso de desautomatización de paremias españolas en las redes sociales” en GONZÁLEZ REY, M.^a Isabel (ed.): *Unidades fraseológicas y TIC*. Madrid: Centro Virtual Cervantes, Instituto Cervantes; 111-124. [http://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca_fraseologica/n2_gonzalez/unidades_fraseologicas_y_tic.pdf]. [29.11.2014].
- GARCÍA-PAGE SÁNCHEZ, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Barcelona: Anthropos.
- KOIKE, Kazumi (1991): “Estructuras sintácticas de las locuciones verbales en español (1)” en *Language Studies* 64; 81-99.
- LINDO, Elvira (noviembre 2003, 13.^a ed.): *Yo y el imbécil*. Madrid: Alfaguara.
- MARTÍ SÁNCHEZ, Manuel (2014): “Lecciones de la desautomatización fraseológica” en GONZÁLEZ REY, M.^a Isabel (ed.): *Didáctica y traducción de las unidades fraseológicas*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela; 37-50.
- MENA MARTÍNEZ, Florentina (2003): “En torno al concepto de desautomatización fraseológica: aspectos básicos” en *Tonos. Revista Electrónica de Estudios Filológicos* 5. [<https://www.um.es/tonosdigital/znum5/estudios/H-Edesautomatizacion.htm>]. [7.10.2014].
- MELENDO, A. (1965): “De las locuciones en español” en *Les Langues Néo-Latines* 173, II; 1-31.
- MELLADO BLANCO, Carmen (2004a): *Fraseologismos somáticos del alemán*. Frankfurt am Main: Peter Lang.

- (2004b): “Das Valenzkonzept in der Phraseologie” en ENGEL, Ulrich y MELISS, Meike (eds.): *Das Valenzkonzept in Lexik und Grammatik*. München: Iudicium; 149-163.
- MENDÍVIL GIRÓ, José Luis (2009): “Palabras con estructura externa” en DE MIGUEL, Elena (ed.): *Panorama de la lexicología*. Barcelona: Ariel; 83-113.
- MOLINER, M. (1990, reimp.): *Diccionario de uso del español*. H-Z. Madrid: Gredos.
- OLÍMPIO DE OLIVEIRA SILVA, M. Eugenia (2014): “Neología y Fraseología: cuestiones lingüísticas y lexicográficas” en *VI Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica, 10, 11 y 12 de septiembre de 2014, San Millán de la Cogolla (La Rioja)*.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2012): *Gramática y semántica de las locuciones*. Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá.
- (en preparación): *Diccionario de locuciones idiomáticas del español actual*.
- PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada y DÍAZ HORMIGO, M^a Tadea (2008): “Hacia la noción lingüística de motivación” en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (ed.): *Lenguaje figurado y motivación*. Frankfurt am Main: Peter Lang; 51-68.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA (2014, 23.^a ed.): *Diccionario de la lengua española*. Barcelona: Espasa Libros.
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA (2009): *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Libros.
- RUIZ GURILLO, Leonor (1997): *Aspectos de fraseología teórica española*. Valencia: Universitat de València.
- (2001): *Las locuciones en español actual*. Madrid: Arco/Libros.
- SANMARTÍN ORTÍ, Pau (2006): *La finalidad poética en el formalismo ruso: el concepto de desautomatización*, Memoria para optar al grado de doctor. Madrid: Universidad Complutense de Madrid.
- SECO, Manuel, ANDRÉS, Olimpia y RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual*. Madrid: Aguilar.
- ŠKLOVSKI, Víctor (1975): *La cuerda del arco. Sobre la disimilitud de lo símil*. Barcelona: Planeta.
- SZYNDLER, Agnieszka (2014): “Aproximación al proceso de desautomatización en la fraseología española y polaca” en *Estudios de Lingüística. Universidad de Alicante* 28; 267-297.
- TIMOFEEVA, Larissa (2009): “La desautomatización fraseológica: un recurso para crear y divertir” en JIMÉNEZ RUIZ, José Luis y TIMOFEEVA, Larissa (eds.): *Estudios de Lingüística. Investigaciones lingüísticas en el siglo XXI*, Anexo III. Alicante: Universidad de Alicante; 249-271.
- VAL ÁLVARO, José Francisco (2000, 1.^a ed., 3.^a reimp.): “La composición” en BOSQUE, Ignacio y DEMONTE, Violeta (dirs.): *Gramática descriptiva de la lengua española, 3. Entre la oración y el discurso. Morfología*. Madrid: Espasa-Calpe; 4757-4841.
- WOTJAK, Gerd (1998): “¿Cómo tratar las unidades fraseológicas (UF) en el diccionario?” en WOTJAK, Gerd (ed.): *Estudios de fraseología y fraseografía*

- del español actual*. Frankfurt am Main / Madrid: Vervuert / Iberoamericana; 307-321.
- WOTJAK, Gerd (2006): *Las lenguas, ventanas que dan al mundo*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.
- ZULUAGA, Alberto (1975): “La fijación fraseológica”, *Thesaurus. Boletín del Instituto Caro y Cuervo* XXX, 2; 225-248.
- (1980): *Introducción al estudio de las expresiones fijas*. Frankfurt am Main: Peter D. Lang.
- (1992): “Spanisch: Phraseologie / Fraseología” en HOLTUS, Günter, METZELTIN, Michael y SCHMITT, Christian (eds), *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, VI, 1. Aragonesisch/Navarresische, Spanisch, Asturianisch/Leonesisch. Aragonés/Navarro, Español, Asturiano/Leonés. Tübingen: Max Niemeyer; 125-131.
- (2001): “Análisis y traducción de unidades fraseológicas desautomatizadas” en *Philologie im Netz* 16; 67-83.
- ZURDO, M^a I. Teresa (2002): “En torno a la modificación por expansión en fraseologismos de núcleo verbal alemanes y españoles” en *Estudios Filológicos Alemanes* 1; 131-149.